

RESUMO DA SESIÓN ORDINARIA DO CLAUSTRO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA QUE TIVO LUGAR O DÍA 13 DE DECEMBRO DE 2005

O día 13 de decembro de 2005, ás 10.25 horas en segunda convocatoria, comeza a sesión ordinaria do Claustro da Universidade da Coruña no Paraninfo da Reitoría, presidida polo Excmo. e Magnífico Sr. Reitor D. José María Barja Pérez. Escusan a súa asistencia os Sres. del Caño Gochi e Cardenal Carro.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, QUE TIVO LUGAR O DÍA 31 DE MARZO DE 2005

A secretaria xeral informa de que procede aprobar a acta da sesión ordinaria do Claustro que tivo lugar o 31 de marzo de 2005, cuxa copia foi depositada nos centros da Universidade da Coruña coa debida antelación para a súa consulta por parte dos membros do Claustro.

Intervén a Sra. Fernández Esteller para indicar que, aínda que a acta expresa correctamente o desenvolvemento da sesión e os acordos que se alcanzaron, resulta decepcionante que non se recollen algúns aspectos do debate que son de grande importancia, como o significado de certos termos e os tempos, posto que non se respectaron. Non solicita que se altere o texto presentado.

A acta **apróbbase** por asentimento.

2.- INFORME DO REITOR

O Sr. Reitor informa sobre a situación actual dos posgraos. Sinala que o tema ocupou todo o curso académico 2004/05, en que se abriu un proceso de debate na comunidade universitaria. Informa de que na reunión entre as tres universidades e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que tivo lugar o día 12 de decembro se acordou aceptar todos os posgraos propostos pola Universidade da Coruña, o que se explica polo traballo feito polos centros en coordinación coa Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea. Advirte que aínda quedan escollos na negociación, pois parece que cada programa posgrao poderá impartir un só curso de posgrao, deixando a implantación do segundo para o ano seguinte. Agora queda por rematar o traballo en xaneiro, pois debe presentarse toda a documentación. Agradece o traballo de todos e cada un dos centros implicados no proceso.

Tamén informa acerca das modificación da Lei orgánica de universidades e sinala que a Ministra de Educación e Ciencia entregou ao *Consejo de Universidades* o 27 de outubro, con atraso, respecto da data orixinalmente prevista, un borrador de lei orgánica de modificación da LOU que se debaterá no Parlamento no primeiro trimestre de 2006. Na asemblea da CRUE que se realiza o 14 de decembro debaterase a posición que adoptará a universidade española, logo de terse celebradas as reunións das comisións sectoriais para chegar a acordos. As suxestións da CRUE ao borrador poranse a disposición da comunidade universitaria na páxina web da UDC. Comenta brevemente os temas que no documento da CRUE se apuntan.

3.- ACORDO DE DELEGACIÓN DA ANÁLISE DO PROXECTO DE REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO VALEDOR UNIVERSITARIO NA MESA DO CLAUSTRO

O Sr. Reitor dálle a palabra á secretaria xeral, quen expón que o artigo 104 dos Estatutos sinala que é función do valedor universitario “propoñerlle ao claustro para a súa aprobación o seu regulamento de funcionamento”. O valedor universitario presentou un proxecto de regulamento de funcionamento para a súa aprobación no claustro. Co fin de o estudar, propónse delegar na Mesa do Claustro a análise do proxecto, que logo será traído para a súa aprobación ao Claustro.

Aberta a quenda de intervencións a Sra. Fernández Esteller pregunta se o proxecto se enviará aos membros do Claustro, ao que se lle contesta que si e o Sr. Soraluze Blond pregunta se estaremos un ano máis sen regulamento, ao que o Sr. Reitor contesta que é previsible a súa aprobación durante o primeiro trimestre do ano.

Apróbase por asentimento delegar na Mesa do Claustro a análise do proxecto do regulamento de funcionamento do valedor universitario na Mesa do Claustro.

4.- PRESENTACIÓN DA MEMORIA ANUAL DO VALEDOR UNIVERSITARIO

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Valedor Universitario, que presenta a memoria anual que figura no **ANEXO I**.

O Sr. Reitor agradece as recomendacións e as suxestións. Aberta a quenda de intervencións intervén o Sr. Delgado Martín, quen solicita que no futuro se entregue a memoria con antelación para poder facer suxestións máis fundamentadas que poidan ser incluídas nela.

5.- PRESENTACIÓN DA MEMORIA ANUAL DO REITOR

A Secretaría Xeral informa de que, segundo os datos que obran na Secretaría Xeral, o último informe anual do reitor foi presentado ao Claustro na sesión do 18 de decembro de 2001, co título “*Informe anual do Rector ó Claustro Universitario. 2000-2001*”, en cumprimento do mandato contido no artigo 48.2 d) dos anteriores Estatutos da Universidade da Coruña, en que se dá conta das actividades de todo tipo desenvolvidas ao longo do curso académico 2000-2001. O artigo 48.2 d) dos anteriores Estatutos sinalaba como competencia do Claustro “debater e, se é o caso, aproba-lo informe anual do reitor, que deberá incluír unha exposición das actividades docentes e investigadoras da Universidade, así como as liñas xerais do orzamento, da programación plurianual e da memoria económica”. Na sesión do 16 de maio de 2002 presentouse no Claustro un informe do reitor que, aínda que contén información sobre os cambios legislativos que se estaban a producir, o mapa de titulacións e as principais liñas de actuación da Universidade da Coruña no campo das infraestruturas e da innovación tecnolóxica, non foi obxecto de debate nin de aprobación, polo que non se tratou do informe anual a que facía referencia o artigo 48.2 d) dos anteriores Estatutos. O artigo 36.1 m) dos vixentes Estatutos, que entraron en vigor o día 24 de maio de 2004, sinala que é función do reitor “presentarlle ao claustro unha memoria anual da súa xestión”. Quero subliñar a expresión “da súa xestión”. Ao ser imposible presentar esa memoria anual en 2004, pois a

xestión de 2003 correspondía aos anteriores reitores, preséntase neste momento a memoria anual do ano 2004, correspondente á xestión do Excmo. Sr. D. José María Barja Pérez.

O Sr. Reitor presenta a memoria anual que figura na páxina web da UDC: reitoría: reitor: documentos e pronuncia o discurso que se recolle tamén alí. Dálle a palabra ao Sr. Xerente, quen presenta a liquidación do exercicio 2004.

Aberta a quenda de intervencións fala o Sr. Delgado Martín, quen afirma que o grupo Artabria se constituíu como foro de opinión e nunca quixeron ser grupo de oposición, se se entende por tal un grupo enfrontado con quen ostenta o goberno co fin de o substituír. Sinala que a súa vocación foi, e continúa a ser, dar a coñecer as súas opinión co fin de, dentro das súas posibilidades, recursos e capacidades, mellorar a institución á que dedican o seu tempo. Consecuentemente, e de forma consciente e deliberada, non participaron como foro nas pasadas eleccións a centros e departamentos, nin na elección a membros do Consello de Goberno, e tampouco o farán nas próximas eleccións ao claustro. Non teñen ambición de cargos ou de representacións e os membros son libres para, a título persoal, integrarse ou non nas candidaturas políticas ou académicas que existen no ámbito universitario. Di ser un foro de libre expresión e adscrición e que o seu principal interese é transmitirle á comunidade o que, como PDI, entenden que é o mellor para a UDC. Nesta liña quere que se entenda a intervención que, no nome do foro, inicia agora. No preámbulo da memoria do reitor indícase que é o ano do goberno de Barja, e que se fixeron cambios con normalidade democrática, pero iso supón continuidade. Tería que terse presentado unha memoria de 2003. As memorias anteriores presentábanse por cursos académicos. O cambio a anos naturais non debería producir esa ruptura. Di tamén que na memoria hai ausencias: non se recollen os honores, como a medalla de ouro ao anterior reitor, Prof. Meilán Gil, que foi a única. Tampouco houbo doutoramentos honoris causa. Sinala que na memoria non se recollen as tendencias de evolución e que hai cousas interpretables en función de como se presentan os datos. Sinala que a mención de Carmen Parrilla na páxina 8 é un erro. Indica que sería mellor detallar a distribución do PDI en tempo completo e tempo parcial; que ao dar o número de estudantes non se indica de cando son os datos; que hai que revisar os datos, porque se di que só hai un egresado en químicas, e non poder ser; proporciónanse números de convenios na páxina 44 e 63 e non se indica de que convenios se trata; que nas memorias anteriores se indicaba a evolución dos ingresos, e nesta non; que reconece que hai achegas en cuestións de calidade pero a rede segue a funcionar mal e non houbo actividade dirixida á implantación do Linux nas aulas NET; falla o seguimento do convenio para apoiar os estudantes con necesidades auditivas; na parte da Vicerreitoría de Organización Académica fálase da flexibilidade da matrícula, que se acadou en 2005 e non en 2004; gustaríalle saber que aplicación e que problemas tivo a avaliación por compensación; reconece que se garantiu a estabilidade do profesorado pero considera que non houbo creación de prazas en 2004, só reconversión; entende improcedente que se recollan as reunións que se tiveron; fíxose un esforzo coa OCV, pero non en cuestións de persoal; ao gabinete de comunicación fáltanlle medios, e ao falar del non debería utilizarse a expresión “sen censuras”, porque non as había entón; non se indica a relación de cursos e congresos realizados; a transparencia confúndese coa publicación dos criterios obxectivos polos que se conceden as bolsas e as axudas, que xa se aplicaban antes aínda que non fosen públicos; non se recollen as actividades musicais. Por último, solicita máis cautela á hora de presentar os datos económicos.

O Sr. Faña Medín felicita o Sr. Xerente pola exposición e porque reconeceu que o 2003 foi un ano duro en termos económicos. Pregunta pola orixe dos ingresos.

O Sr. Molinelli Barba felicita tamén o Sr. Xerente e pregunta se se produciu algún avance na materia de software libre.

O Sr. Soraluze Blond sinala que, en materia de infraestruturas, vinte das actividades recollidas na memoria son propostas e só seis realizacións materiais, terminación e cousas xa comezadas anteriormente e inicio dalgunha actividade puntual concreta. Supón que en 2005 deberían estar materializados os proxectos mais resúltalle evidente que non será así. Só hai reformas.

O Sr. Rodríguez Bugarín insiste niso. Di que se advirte preocupación territorial por parte da UDC, mais hai moito ruído e poucas noces. A énfase na estación intermodal non lle parece axeitada. Non hai rigor na UDC. O carril bici citouse en 2004 mais aínda está a voltas en 2005. Esixe que se poñan beirarrúas. Non se fala de infraestruturas e servizos á comunidade. A limpeza tampouco lle parece o punto forte. E lamenta as dificultades de conexión á rede *wi-fi*. Solicita que se pinte o interior da escola e se reparen as papeleiras do exterior, que levan anos suxeitas por cables.

A Sra. Fernández Esteller sinala que a sorprende que a memoria de 2004 se presente en decembro de 2005 e pregunta cando se presentará a de 2005. Apunta que non hai coherencia no documento presentado polo reitor e tampouco evolución. Critica que se recolla como acción da Vicerreitoría de Organización Académica a integración do INEF-Galicia, que tivo lugar en decembro de 2003. Pregúntase se é positivo para a Universidade que se validen ciclos formativos de FP. Critica que na memoria non se fale do PAS, que na parte de extensión universitaria non se recollan as tendencias de evolución e que, en xeral, non se indique nada sobre o avance ou o retroceso que experimentou a UDC nese ano.

O Sr. Fernández López resalta que aínda non se implantou o novo programa de bibliotecas.

O Sr. Reitor contesta que a medalla de ouro ao Profesor Meilán Gil foi entregada en 2003, e non en 2004, e que no futuro haberá doutoramentos honoris causa. Afirmar que a relación de convenios asinados está na web. Sobre o Linux, están a asinarse convenios logo de facer un estudo sobre as necesidades existentes e os problemas da implantación. Recoñece que o gabinete de comunicación necesita máis medios. O ano 2004 foi un ano de contención. Lembra que no plano de financiamento baixou o importe dedicado a infraestruturas. Lémbrolla ao Sr. Rodríguez Bugarín que el mesmo defendeu a intermodal no seu día, pero tamén que o transporte non é un tema universitario, senón da metrópole, do que se deriva a importancia da integración da Universidade da Coruña no foro de Mariñán. Recoñece que o acceso aos campus é complicado debido á diversidade de institucións que o xestionan. Respecto da conexión, lembra que a Universidade da Coruña aínda non está conectada á rede xeral por fibra óptica, que está a chegar, senón por radioenlace, o que dificulta a saída. Afirmar que o recoñecemento dos ciclos formativos de FP é importante para a captación de estudantes polas universidades, e que non é unha cuestión na que a nosa universidade estea soa. Tamén que a implantación do novo sistema informático das bibliotecas é importante para normalizar os sistemas e conectalos cos das outras universidades de Galicia. Un obstáculo importante, como era a antigüidade dos equipos, xa se corrixiu ao longo do ano. E remata sinalando que a memoria do ano 2005 se presentará no primeiro semestre de 2006.

6.- PRESENTACIÓN DAS LIÑAS XERAIS DO ORZAMENTO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O ANO 2006

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen expón as liñas xerais do orzamento da Universidade da Coruña para o ano 2006 que se recollen na páxina web da UDC: reitoría: vicerreitorías: vicerreitoría de estratexia e planificación económica: documentos.

Aberta a quenda de intervencións intervén o Sr. Soraluze Blond, quen indica que o anterior vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, D. Anxo R. Calvo Silvosa, dixera que a implantación da RPT tería lugar de forma paulatina, polo que lle sorprende que se recolla nos orzamentos a cobertura do 50% das prazas.

A Sra. Lera Navarro sinala que lle gustaría que se presentase tamén ao claustro o anteproxecto de orzamentos, aínda que reconece que non é obrigatorio. Destaca que o incremento das contías se debe ao esforzo realizado pola Comunidade Autónoma e lamenta que o devandito incremento non teña reflexo no apartado de PDI, pois considera que a *ratio* profesor/estudante debe baixar para afrontar en mellores condicións o EEES. Lamenta non ter aínda o plano estratéxico, que nos permitiría coñecer as nosas fortalezas e debilidades.

O Sr. González Penedo solicita que se faga un esforzo para cargar o orzamento o antes posible e non se produzan atrasos na apertura das partidas.

O Sr. De Gabriel Fernández lamenta os problemas que se están a producir no uso do Pavillón Deportivo por parte da Facultade de Ciencias da Educación para actividades docentes e suxire a ampliación do Pavillón.

O Sr. Faiña Medín sinala que hai que reforzar o papel estratéxico que desempeña a universidade na sociedade. Solicita que se reforce o gasto descentralizado e se alivie a carga de traballo administrativo que recae sobre os docentes e os servizos. Tamén solicita a mellora do nivel administrativo dos secretarios de departamento e que se potencie a obtención de proxectos. Solicita información sobre os ingresos do FEDER e que se maticen os gastos de persoal.

O Sr. Reitor contesta que o plano estratéxico non o fai o equipo de goberno, senón a comunidade universitaria nun proceso de abaixo arriba. Lembra que se recolle nos orzamentos unha partida para a promoción do PDI habilitado. Toma nota da solicitude referida ao Pavillón Deportivo. Sinala que na RPT se prevé a existencia dun Servizo de Investigación, que aliviará a xestión da investigación que levan a cabo docentes e servizos.

O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica apunta que a vixencia da RPT se estende a dous anos, polo que a implantación paulatina só se pode entender referida a ese período. Sinala que os efectivos previstos ás veces son considerados excesivos e ás veces insuficientes, mais que o gasto de PAS crece só un 8% en contraposición ao crecemento do 14.5% dos orzamentos. Refórzanse na RPT a OTRI e os parques tecnolóxicos coa intención de apoiar a investigación. Dótanse as promocións. O aumento do PDI depende tamén da Xunta de Galicia, que quere conter o gasto aínda que se implanten novas titulacións. O esforzo de captación de ingresos céntrase no FEDER. O equipo actual e o anterior fixeron unha aposta nas propostas para o novo plano de financiamento que saú ben, referida a aceptación dun tipo variable. Lembra que o compromiso do reitor é de presentar as liñas xerais do orzamento ao Claustro, non o anteproxecto, e que aínda que el mesmo presentou no seu día unha emenda aos Estatutos para que se incluíse a presentación do anteproxecto, esta foi rexeitada. Nas áreas

de deporte e de cultura prodúcese a reforma do edificio do antigo Maxisterio, o que permitirá dotar de infraestruturas estas actividades.

7.- QUENDA ABERTA DE INTERVENCIONS

O Sr. Reitor abre a quenda de intervencións. Intervén a Sra. Fernández Esteller para preguntar se haberá un posgrao para a ETS de Arquitectura. O Sr. Reitor contesta que si, que o haberá.

A Sra. González Veira pregunta polas medidas tomadas polo equipo de goberno para adecuar o transporte urbano e metropolitano ás necesidades da universidade e de quen é a competencia para sinalizar o campus, pois habería que poñer máis pasos de peóns entre o Pavillón Deportivo e as facultades que o circundan. O Sr. Reitor contesta que a cuestións das competencias non é fácil de coñecer. O vicerreitor de Estudantes sinala que aínda que o transporte non é competencia da Universidade, fíxose un enorme esforzo para integrarse no Foro de Mariñán e chegar a acordos cos concellos. Acadou un acordo de mínimos para poñer en marcha o transporte metropolitano, e aínda que non se puido chegar ao billete único, buscáronse solucións para os estudantes do INEF-Galicia, financiadas pola propia universidade xa que as outras institucións non quixeron contribuír. Afirma que o tema parece desbloqueado e que as previsións dunha próxima solución son óptimas. No futuro se potenciarase o apeadeiro de Elviña.

O Sr. Portela Fernández afirma que hai un ou dous meses a Universidade da Coruña procedeu a converter contratos de obra en interinos, o que ao seu xuízo é unha ilegalidade, sobre todo cando supón reclasificación profesional. Reclama que se reconduza a situación. O Sr. Reitor sinala que non admite que sexa unha ilegalidade. O Sr. Xerente afirma que o uso de contratos de obra non é propio dunha administración, polo que se está intentando reconducilos ás prazas vacantes da RPT, para logo proceder á convocatoria das prazas.

O Sr. Perujo Fariña afirma que o Pavillón Deportivo non está ben aproveitado, e que as clases poderían ocupar un terzo da pista, deixando máis espazo a outras actividades. Suxire a cobertura das pistas exteriores. Recoñece que se aprecia un esforzo en materia de transparencia, mostrándose todo na web. Pide que se convoque máis o claustro.

O Sr. López Iglesias pregunta que se está a facer para crear unha residencia pública e cal é o estado de tramitación do estatuto do estudante, prometido no programa do reitor.

O vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental afirma que se está a facer un gran esforzo proponéndolle aos concellos da Coruña e de Ferrol, así como á Consellería de Vivenda e Solo, espazos en que situar as residencias. A nova titular da Consellería é máis receptiva que o anterior e xa se comprometeu publicamente a apoiar a Universidade nesta cuestión. O vicerreitor do Campus de Ferrol e Relación Universidade-Empresa sinala que xa se acadou un principio de acordo co Concello de Ferrol, poñéndose como data límite para a construción da residencia o inicio do curso 2007/08. O espazo ofrecido é unha parte dos terreos que ocupa o Cuartel Sánchez Aguilera. O vicerreitor de Estudantes engade que haberá estatuto do Estudante neste curso académico. O atraso debeuse exclusivamente á expectativa suscitada desde o Ministerio de Educación e Ciencia, que afirmou que habería un estatuto do estudante o ano pasado, pero non cumpriu as súas promesas.

O Sr. González Penedo solicita a redución da burocracia universitaria e que se permita o seguimento de expedientes, así como a cobertura do servizo de informática mañá e tarde para cubrir todas as incidencias, que non se producen só en horario de mañá. Tamén sinala que o equipo de goberno está facendo moitas cousas boas e debería aprender a vender mellor os seus logros. O vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea afirma que se está a traballar nun sistema de información para a dirección que se porá a disposición de todo o PAS e PDI e que permitirá coñecer toda a información que lle afecta. Lembra que se está a resolver o concurso para a adxudicación do seguimento de expedientes, aínda que é un proxecto a varios anos. Respecto do servizo de informática, sinala que a RPT e o convenio colectivo non permiten facer moito, mais que aínda así os técnicos procuraron vir a calquera hora cando se produciron incidencias, aínda que non sempre foi posible. O servizo está sendo reorganizado de maneira que exista una distribución colexiada da responsabilidade, o que facilitará o labor de todos.

O Sr. Rilo López destaca a discrepancia de opinións sobre a RPT, que se é excesiva ou non o é, pero afirma que a creación real de prazas non é tanta como parece, posto que o que se pretendeu foi solucionar a temporalidade que chegou a afectar ao 46% do persoal. No que respecta á política de persoal, aprecia un cambio importante co actual equipo, xa que nos dous anos que leva no goberno se negociou máis que nos trece anteriores, aínda que non sempre se acadaran acordos. Destaca o acordo sobre as promocións e sobre a RPT e, sempre, a actitude positiva de cara á negociación cos órganos de representación do persoal.

Sen máis asuntos que tratar, remátase a sesión ás 14.20 horas do día 13 de decembro de 2005.